

*Acta do Consello Municipal de Deportes:*

Nº	Entidades convocadas	Lugar	Data e hora
4	Membros Consello Municipal	Pazo da Peregrina de Bertamiráns	10/11/2016 (20:30 h)

1.- Persoas asistentes, facéndose constar a representación que ostentan en cada caso:

**ASISTENTES:**

CLUB DEPORTIVO RUTAS A PIE	SI
CLUB PIRAGÜISMO RIBEIRAS DO TAMBRE	SI
CLUB ATLETISMO SAR	SI
ASOC. MOTOCLUB AMEIXENDA	
SOCIEDADE CAZA E PESCA AZOR	
ASOC. CULTURAL – DEPORTIVA ALDEA NOVA	
CLUB VOLEIBOL BRUXAS	
ASOC. GALEGA E DESARROLLO DO CICLISTA	
ASOC. DEPORTIVA VAL DA MAÍA	SI
CLUB BALONCESTO AMES	SI
CLUB BALONCESTO XL MILLADOIRO	
CLUB ATLETICO BERTAMIRANS	SI
BUGALLIDO C. F.	
CLUB FÚTBOL AGRÓN	
BERTAMIRÁNS F. C.	SI
MILLADOIRO S. D.	
CLUB FUTBOL ORTOÑO	
CLUB ATLETISMO MILLARAIO	
CLUB BIDUÍDO S. R.	
CLUB DEPORTIVO KARATE AMES	
CLUB CICLISTA AMES	
DON BUDI C. F.	
F. C. MEIGAS	SI
CLUB DEPORTIVO MILLARENGO CULTURA	SI
S.D. COMPOSTELA MONUMENTAL	
CLUB PATINAXE ARTÍSTICA OMEGA	SI
CLUB PATINAXE SARELA	
ASOCIACIÓN DEPORTIVA BASQUET AMES	SI
CLUB CICLISTA OS ESFOLA ARRÓS	
AMES RADIO CONTROL CLUB	
CC REPEITIÑOS DA CAPILLA	
ASOCIACION DEPORTIVA RODANDO BIKE	
AGRUPACION DEP. CONFIADOS MILLADOIRO	
CLUB BALONCESTO A MAHIA	

CLUB DEPORTIVO DE BAILE DANZAYA	
CLUB DE TAEKWONDO AMES	
EEI MILLADOIRO	
COLEXIO ALCA	
IES DE AMES	
IES DO MILLADOIRO	
CEIP DE BAROUTA	
CEIP AGRO DO MUIÑO	
CEIP DE VENTÍN	
CEIP DA MAÍA	
ANPA IES DE AMES	
ANPA DA MADALENA	
ANPA SAN MAURO	SI
ANPA AGRO DO MUIÑO	SI
ANPA VENTÍN	
ANPA MILLAPEQUES	
ANPA O BOSQUE	
ANPA VAL DA MAÍA	SI
ANPA DO IES DO MILLADOIRO, ANPAMILLA	SI
ANPA AGORA IES MILLADOIRO	
SERVIPLUS 2000	SI
MELLOR DEPORTISTA MASCULINO	
MELLOR DEPORTISTA FEMININA	
AMES NOVO	SI
PP	SI
PACTOXAMES	
CIUDADANOS	
CONTIGO PODESE	
BNG	

## 2.- Puntos principais das deliberacións con indicación das persoas intervincentes.

Tomou a palabra o Alcalde para presentar a reunión e dar aprobación á acta anterior.

Despois desta aprobación da acta, o Alcalde foi introducindo os temas do día:

- Disolución do Consello consultivo de deportes se fose o caso.

O alcalde argumentou que non se aprobou a ordenanza de prezos das escolas deportivas e foise recibindo a cada un dos clubs implicados. Tamén mencionou que ao non se aprobar no pleno temas que se aproban no Consello podería non ter moito sentido a súa continuación, pero o alcalde incide en que pode ser beneficioso a súa continuación tendo en conta as decisións que se tomen nel, senón converteríase nunha perda de tempo. Ábrese o quenda de palabra sen que ninguén aporte algo e procedese a unha votación onde a totalidade está en contra da súa disolución.

- Bases da XI Gala do Deporte Municipal 2017.

As bases deste ano van a ser moi similares ás do ano anterior pero cos seguintes cambios:

Punto 10: colabor@mes vai ser directamente outorgado polo Goberno de Ames.

Introdución do "Premio do público, xa que hai deportistas que xa foron premiados noutras edicións e o que se pretende é abrir na páxina web un enlace para que os cidadán voten ao deportista que vexa máis conveniente para este galardón. Podendo volver repetir galardón algún deportista que fora premiado en edicións anteriores sen ter que pasar os 5 anos. O proceso para escoller aos distintos galardoados vai a ser similar ao do ano pasado, primeiro enviaranse as distintas propostas para logo votalas mediante correo electrónico cubrindo o modelo para as votacións.

Os premios dos distintos galardóns van a ser os seguintes:

Mellor Deportista masculino de Ames (aínda que estea nun club de fóra do Concello).

Mellor Deportista feminina de Ames (aínda que estea nun club de fóra do Concello).

Deportista/equipo máis destacado/a dun club de Ames.

Mellor Club do Concello de Ames\*.

\* Os criterios para outorgar este galardón serán: resultados deportivos, promoción e divulgación do deporte no Concello, fomento de valores.... Cada club do concello entrará automaticamente como proposta a mellor club e poderá votar soamente por un club distinto ao propio.

Promesa masculina máis destacada de Ames.

Promesa feminina máis destacada de Ames.

Recoñecemento especial do Concello (criterio aberto)\*.

\* Esta persoa non ten por que estar vinculada ao ámbito asociativo.

Premio especial colabor@mes (entidade que apoia ou difunde o deporte amiense).

Premio do "público" (será para o/a deportista con maior número de votos realizados a través da web municipal. Non haberá ningún tipo de restrición de participantes nesta categoría).

Ábrese quenda de palabra sen que ninguén aporte algo e procedese a unha votación onde a totalidade está a favor do regulamento da gala.

- Bases da Convocatoria de axudas para promoción de actividades levadas a cabo no 2017 por clubs e asociacións deportivas.

O alcalde informa que o peche para presentarse á convocatoria remata o vindeiro 18 de novembro. Para o 2017 tense previsto aumentar dita partida e valoraríase nunha futura reunión do Consello a posibilidade de que ditas subvencións coincidiran co curso escolar (de setembro a xuño).

- Escolas Deportivas Municipais: curso 2016-17 (resumo)

O alcalde informou de que se sacou unha nova licitación, saíndo gañadora a empresa Serviplus 2000, onde neste concurso se tivo en conta a remuneración do monitor, quedando dita contía en 11,85 €/hora. A parte desta oferta a empresa deberá aportar 5000 € en material deportivo para as escolas deportivas, 150 horas gratuítas de clase ao ano e 5 horas á semana de monitor de apoio para nenos/as con necesidades educativas especiais. A hora de monitor para este novo contrato vai a ser de 20,51 €, iva incluído. Facendo un resumo das puntuacións, a empresa adxudicataria gañou o concurso con 87,9 puntos, obtendo unha diferenza considerable en relación á segunda.

O alcalde informou que actualmente hai 1814 alumnos/as matriculados nas escolas deportivas, entre os programas de formación deportiva e ponte en forma, que suman un total de 16

modalidades deportivas. As actividades con maior número de participantes son aerozumba, pilates, patinaxe e spinning. A estas persoas matriculadas hai que sumarlle 441 persoas que están nas listas de agarda. Este alto número de reservas é debido á falta de espazos que imposibilitan a creación de novos grupos. Ante esta falta de espazos, tentouse optimizar o uso dos mesmos nos meses previos ao comezo do curso. Para iso organizáronse varias xuntanzas para o reparto de horas nas distintas instalacións deportivas, utilizando os pavillóns de forma continuada desde as 16:00 horas en Bertamiráns e 16:30 horas no Milladoiro ata o peche das instalacións, ás 23:00 horas.

O alcalde tamén informou que se fixeron contratos cos clubs onde puideran impartir algunha das escolas deportivas: Bertamiráns FC, Milladoiro SD, CV Bruxas.... cos que xa fixeran no ano anterior. Pero a parte destes clubs, incorporáronse uns novos contratos co Xadrez Millarengo, Basquet Ames e Club de Patinaxe Omega.

3.- Temas tratados e resultados das votacións, se fose o caso.

- Disolución do Consello consultivo de deportes se fose o caso.
- Bases da XI Gala do Deporte Municipal 2017.
- Bases da Convocatoria de axudas para promoción de actividades levadas a cabo no 2017 por clubs e asociacións deportivas.
- *Escolas Deportivas Municipais: curso 2016-17 (resumo)*

4.- Rogos e preguntas

O representante do Xadrez Millarengo argumentou que lle parece escasa o prezo por hora que recibe o seu club pola impartición das escolas deportivas en comparación coa empresa. O alcalde argumentou que a empresa fixo unha oferta para poder gañar o concurso de escolas deportivas, que consistía na impartición de 150 horas gratis ao ano, 5000 € en material deportivo, ... o que fai que o prezo por hora que ten a empresa se equipare bastante ao prezo por hora dos clubs.

O representante de Amesnovo fai o rogo de que se envíe antes a documentación da convocatoria dos Consellos para que os distintos representantes poidan estudar a documentación antes das reunións. Tamén transmite unha queixa de Ximnasia Rítmica na localidade do Milladoiro por problemas co monitorado referidos á puntualidade e continuos cambios nos mesmos. O alcalde argumenta que se fai un seguimento continuo das actividades, que xa se coñecía este problema e que se está realizando un control sobre a empresa para tentar solucionar este tipo de problemas.

O representante do Xadrez Millarengo demanda un sitio fixo para o club de xadrez, xa que actualmente soamente dispoñen de dúas horas á semana.

O representante do club de tenis Val da Maía argumenta a súa problemática para poder disputar os partidos de competición no Milladoiro, pola dificultade de non poder usar as instalacións do IES do Milladoiro os domingos pola mañá. O alcalde argumenta que se vai tentar solucionar esta solución falando co director do IES.